

# O noso pobo. De hoxe noutros corenta anos



En 1977 comezou a andaina do Museo do Pobo Galego (MPG), cando Galicia aínda non tiña recoñecida legalmente a súa personalidade e a democracia daba uns primeiros e vacilantes pasos. Era tempo abondoso en esperanzas e devezos, de deixar atrás un réxime que marxinara a nosa lingua e o noso xeito de ser, de construír un futuro mellor. E nese marco o Museo naceu coa vontade de contribuír a un novo rexurdimento do noso pobo, en tanto que suxeito senlleiro dunha historia de seu.

Foron parteiros dese nacemento ilustres galegos de fondo compromiso coa Terra, coas súas xentes e cos seus costumes. Galegos que hoxe xa non están connosco, pero que co seu esforzo fixeron agromar unha fértil colleita cultural. Dende Xaquín Lorenzo e Antón Fraguas, ata o recentemente finado Fernando Acuña Castroviejo, pasando por Isaac Díaz Pardo, Rafael Baltar, Luciano García Alén e tantos outros bos e xenerosos que contribuíron á grandeza de Galicia tamén a través

deste Museo, todos eles deixaron en heranza para nós e mailos nosos fillos unha obra colectiva que debe pasar o testemuño recibido ás vindeiras xeracións para seguir viva ao servizo dunha Galicia que ha transformarse sen perder o que a singulariza como persoa colectiva.

Dende o seu nacemento o MPG quixo ser algo máis que un depósito de obxectos e un relato do pasado. Quixo tamén contribuír, na medida das súas posibilidades, á reflexión colectiva sobre os problemas presentes do país e as vías possibles para a súa solución. Por iso coidamos axeitado incluír no programa conmemorativo do noso 40 aniversario a realización dun ciclo de foros baixo o epígrafe *O noso pobo: de hoxe noutros corenta anos*.

O propósito do Padroado do MPG é convidar á nosa sociedade a albiscar como ha ser Galicia no futuro inmediato dende a reflexión sobre os cambios habidos nas últimas catro décadas. Corenta anos pouco é na milenaria

historia do noso país, dende o xermolo da Gallaecia romana ata o Rexurdimento rosaliano, pasando pola dominación sueva, o esgazamento de Portugal do Reino de Galicia, o esmorecemento na Idade Moderna e en boa parte da Contemporánea. Porén, corenta anos tamén son aproximadamente a metade da esperanza de vida de calquera cidadán galego.

Dende 1977 ata 2017 Galicia viviu a que se cadra é a transformación máis acelerada da súa historia. Nos vindeiros anos, co seu novo modelo demográfico, coa súa industrialización e terzarización, coa apertura ao resto de Europa e ao comercio global, coa revolución das telecomunicacións e os transportes, é probable que experimente unha transformación áinda maior. Mais iso non debe impedir que como galegos conservemos o cerne do noso propio xeito de ser como pobo e cultura diferenciados en Europa.

Con esta iniciativa esperamos que durante o ano do cuadrxésimo

aniversario do Museo este faga unha contribución valiosa a un necesario balance xeracional e a unha non menos necesaria perspectiva de futuro. De aí que propoñamos a seguinte realización de actos periódicos, que sirvan para a reflexión, o debate e a reactivación da galeguidade. Actos que han ser debidamente complementados con achegas de autores e persoeiros para formar un volume colectivo que sexa legado cara ó porvir, para cando gran parte dos galegos de hoxe sementemos tamén coas nosas cinzas a Terra que nos nutriu e agarimou, igual cós devanceiros que honramos.

E queremos deixar constancia de que estes foros non serían posibles sen a xenerosa axuda do Parlamento de Galicia, que accedeu a financialos. Toda a nosa gratitudade para a institución que representa á cidadanía galega e para o seu presidente, que tan ben acolleu a nosa solicitude dende o primeiro momento.

Organiza



**Museo do Pobo Galego**  
Un museo, miles de historias

Patrocina



Colabora

Fundación Barrié

## Programación

Cada foro incluirá varios relatorios breves sobre as cuestións más relevantes do tema en cuestión e un debate con participación do público.

Todas as sesións empezarán ás 19 horas e, salvo indicación en contrario, terán lugar no **auditório do Museo do Pobo Galego**.



# Foros 2017

## Santiago, martes 9 maio 2017

O Estatuto dos Dezaseis, xermolo do noso futuro.

Luis Caramés Vieitez, catedrático de Facenda Pública (USC).

Álvaro López Mira, profesor de Ciencia Política (UVigo).

Xosé Antonio Pena Beiroa, economista.

Coordina e modera: Pablo González Mariñas, profesor de Dereito Administrativo (UDC) e membro da Comisión dos 16.



## Santiago, xoves 8 xuño 2017

Autogoberno para outros corenta anos.

Emilio Pérez Touriño, ex-presidente da Xunta de Galicia.

Pedro Puy Fraga, deputado do Partido Popular.

Carme Adán Villamarín, ex-deputada do BNG.

Manuel Martínez Barreiro, analista político.

Modera: Xosé Antonio Gómez Segade, do Padroado do MPG.

## Santiago, xoves 29 xuño 2017

O pobo galego e as súas perspectivas demográficas: dimensión e distribución.

Julio Hernández Borge, profesor de Xeografía Humana (USC).

José Antonio Campo Andián, director do Instituto Galego de Estatística.

Miguel A. Vázquez Taín, presidente do Consello Galego de Economistas.

Modera: Manuel Blanco Desar, do Padroado do MPG.



## Santiago, xoves 13 xullo 2017

Agro e mar en Galicia contra 2057.

Hixinio Mougán Bouzán, director de AGACA.

Juan Antonio Vázquez Gancedo, director do Clúster Alimentario de Galicia.

Daniel Villapol Valea, Grupo Villapol e presidente da S.A.T. Montes de Trabada.

Eduardo Míguez López, director adxunto do Grupo Porto de Celeiro

Modera: Lino Lema Bouzas, do Padroado do MPG.



## Comité Organizador

Justo Beramendi

Manuel Blanco Desar

Xosé Manuel González Reboredo

Lino Lema Bouzas



## A Coruña, Fundación Barrié, xoves 14 setembro 2017

Unha nova economía para a Galicia do porvir na industria e nos servizos.

Carmen Pampín Casal, presidenta de BIOGA, Clúster das Ciencias da Vida.

Fernando Suárez Lorenzo, presidente do Colexio de Enxeñería Informática.

Cesáreo González Pardal, secretario do Clúster de Turismo e presidente de FEGATUR.

Modera: Enrique Sáez Ponte, do Padroado do MPG.



## Santiago, xoves 26 outubro 2017


O futuro da Sociedade do Benestar nunha Galicia avellentada.

Miguel Ángel Santalices Vieira, médico e presidente do Parlamento de Galicia.

Xosé Carlos Arias Moreira, catedrático de Economía Aplicada (UVigo).

Rita Radl Philipp, catedrática de Socioloxía (USC).

Modera: Concha Losada Vázquez, do Padroado do MPG.



## Santiago, xoves, 16 novembro 2017

Educación e formación dos novos galegos.

Ángel Carracedo Álvarez, catedrático de Medicina Legal (USC).

Carmen Fernández Morante, decana Facultade de CC da Educación (USC).

Juan Freire Botana, Instituto Tecnológico de Monterrey (México).

Modera: Xosé Ramón Fandiño Veiga, do Padroado do MPG.

## Santiago, xoves, 5 outubro 2017

Medio e natureza na Galicia de mañá.

Virxinia Rodríguez Álvarez, presidenta da Asociación para a Defensa Ecológica de Galicia.

Serafín González Prieto, presidente da Sociedade Galega de Historia Natural.

Ricardo Beiras García-Sabell, catedrático de Ecoloxía (UVigo).

Modera: Justo Beramendi, do Padroado do MPG.

## Santiago, xoves 14 decembro 2017

Identidade contra 2057.

Jorge Algora, presidente do Clúster do Audiovisual.

Manuel Bragado Rodríguez, director de Edicións Xerais de Galicia.

Henrique Monteagudo Romero, sociolingüista e membro da RAG.

Xosé Manuel González Reboredo, etnógrafo e presidente da Xunta Reitora do MPG.

Modera: María Xosé Fernández Cerviño, do Padroado do MPG.